


Xuntos polo Nadal



XUNTA
DE GALICIA


Programa Xuntos polo nadal

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuge ou por outras circunstancias.

Prazas e destinos

Ofértanse un total de **526** prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 246 (2 quendas de 123 solicitantes cada un) na Residencia de Tempo Libre do **Carballiño** (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de **Pontevedra e Lugo**.
- 280 (2 quendas de 140 solicitantes) na Residencia de Tempo Libre de **Panxón**, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes da provincia **da Coruña e Ourense**.





Datas e servizos

Este programa levarase a cabo entre o día **22 de decembro de 2021 e o día 7 de xaneiro de 2022 en dúas quendas de 8 días cada unha (7 noites)**.

A primeira quenda efectuarase no período comprendido **entre o 22 e o 29 de decembro** e a segunda **entre o 31 de decembro e o 7 de xaneiro**.

O programa comprende os **seguientes servizos**:

- Estadía na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en **habitacións compartidas** e manutención en réxime de pensión completa. No suposto de que existise dispoñibilidade en habitacións individuais serán asignadas con preferencia aos participantes de maior idade.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.


A recollida das persoas participantes efectuarase o día **22 e 31 de decembro** pola tarde para cada unha das quendas e a volta o día 29 de decembro e **7 de xaneiro, respectivamente**, despois do almorzo.

Pessoas beneficiarias:

- a) Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Estar empadroado nalgún concello galego.
- c) Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d) Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da estadía.
- e) Estar vacinado fronte á COVID-19 segundo o calendario sanitario vixente.

Para a selección dos participantes daráselle **preferencia** ás persoas que:

- Perdesen o seu cónxuge ou persoa coa que convivisen nos últimos anos.
- Teñan más idade
- Non participasen no programa Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.



Solicitudes:

As solicitudes, acompañadas do informe social e da declaración responsable, formularanse nos modelos establecidos para o efecto e estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa que corresponda.

Estes impresos están á disposición das persoas interesadas na páxina web

<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada/xuntospolonadal>

Prazo e lugares de presentación de solicitudes:

Ata o día 15 de novembro de 2021 (incluído)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado PR004, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, no seguinte enderezo:

<https://sede.xunta.gal/cas/login?service=https%3A%2F%2Fsede.xunta.gal%2Fpresenta%2Flogin%2Fcas>

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Opcionalmente, poderanxe presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e dirixiranse á xefatura territorial correspondente en función do ámbito territorial do solicitante.

Prezo da praza:

As persoas participantes asistirán de forma gratuíta ao programa.

Os gastos de desprazamento desde o domicilio dos adxudicarios ata o lugar de saída que se indique nas localidades de Ferrol, A Coruña, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra ou Vigo e viceversa serán por conta da persoa participante.

Documentación:

As persoas ás que se lle adxudique praza terán que confirmar a súa asistencia e, no momento de incorporarse ao programa, ir provistas de:

- DNI ou pasaporte en vigor.
- Informe médico actualizado no caso de ter alguma limitación, alerxia ou enfermedade que requira dalgunha atención especial (control sanitario, tratamiento farmacolóxico, alimentación, accesorio de apoio, habitación individual, etc). De non levar a acreditación da necesidade, non se lle prestará ningún tipo de atención especial.
- Tarxeta sanitaria, medicación habitual necesaria e accesorios para o transcurso da estadía.
- Roupa cómoda.



Para máis información poden consultar a páxina web da Consellería de Política Social <http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>, ou dirixirse a:

● **Consellería de Política Social**

Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia
Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.
Tlfno: 981 546737/ FAX: 981 545691;
correo electrónico: autonomiapersoal.sxps@xunta.gal

● **As xefaturas territoriais da Consellería de Política Social**

Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

- Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 A Coruña.
Teléfono: 881881537 Fax: 981881506
- Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 Lugo
Teléfono: 982294896 Fax: 982889162
- Rúa Concello, 14. 32003 Ourense (Centro Sociocomunitario)
Teléfono: 988372430 Fax: 988370884
- Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 Vigo
Teléfono: 986817214 Fax: 986817637

● **Os centros sociocomunitarios** da Consellería de Política Social

● **Os servizos sociais comunitarios dos concellos e os departamentos de servizos sociais de atención primaria e de atención especializada de saúde ou dos hospitais.**



Información gratuita en el teléfono social

900 333 666